





Xeral ou
especializado? en que
tipo de dicionario
aparecerán estas
palabras?:
fraude de lei
fibromialxia



Que linguas
son oficiais en
Galicia?



En que
consiste a
normalización
dunha lingua?



Di a que xénero literario
pertence o seguinte texto.
Xustifica a túa resposta.

A tortilla lareta
Unha tortilla que levaba
xa máis dunha hora
esperando que o neno
cease, abriu a súa
boquiña de ouro e díxolle...






Antónimo para as
palabras que se

indican:

clara

escura


sucio



Di dous

nomes

proprios



Di dous

nomes

abstractos




Di dous

nomes : un
colectivo e


un non

contable






Di un antónimo
aburridos →
irreais →
covardía →



Di a sílaba tónica
nas seguintes
palabras :
fantásticos ninguén
bondade
aquí



Son
polisémicas
ou
homónimas?
barra
equipo
martelo



Pon o acento nas
palabras que o
precisen:
sorriu moa
bidueiro
feito
direccion




Di os adxectivos nestas oracións e en que grao están:

- Raúl actúa sempre dunha maneira moi misteriosa.
- Coincidín no autobús cos rapaces máis ruidosos que vin na miña vida.




Di os adxectivos nestas oracións e en que grao están:

- Onte ía un aire tan forte coma un furacán.
- Os cueiros limpos da nena están no caixón?




Explica a diferenza entre
dá - da
fóra - fora
pór - por



Que pronomes atopas?
- A ela gustáralle moito o final do conto.
- Poucos dos presentes coñecíanme daquela.



Que xénero non é
narrativo?
novela conto poema
fábula lenda



Que palabras teñen un
sufixo diminutivo?
granito mesiña barcaza
guión
cortina cantante biquiño




Que palabras teñen un
sufixo aumentativo?
granito mesiña barcaza
guión
cortina cantante biquiño



Que palabras son
primitivas?
contadoría
contaquilómetros
contar contador
recontar contafíos
contapasos descontar
contagotas
contacontos.



Leva comiñas ou
parénteses? Onde?
- Descartes filósofo do
século XVIII dixo: Penso,
logo existo.




Leva comiñas ou
parénteses? Onde?
- Meu irmán pequeno que
ten tres anos di
colótero, no canto de
helicóptero



Que palabras son
compostas?
contadoría
contaquilómetros
contar contador
recontar contaíños
contapasos descontar
contagotas
contacontos.



Que palabras son
derivadas? contadoría
contaquilómetros
contar contador
recontar contaíños
contapasos descontar
contagotas
contacontos.



Activa ou pasiva?

- Eva sacou unha fotografía.
- O museo foi inaugurado polo concelleiro de cultura.
- Os gañadores foron elixidos por un xurado de expertos.




Activa ou pasiva?

- O seu equipo gañou a medalla de bronce.
- Ela colleu un libro na biblioteca.
- A súa chaqueta foi atopada pola policía.



Estilo directo ou indirecto?

- A profesora dixo: «Recollede as vosas cousas».
- Papá dixo que xa era hora de marchar.
- Paula berrou: «Estou esgotada!».



Estilo directo ou indirecto?

- O rapaz dixo que se atopaba mal.
- Ela díxonos que mañá iríamos ao teatro.
- O meu amigo berrou: «Comezaron as vacacións!».

